



Cerne

Terra de Melide



ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M.- C.C.A.). Nº13. 1 de marzo -1 de abril de 2006.
Distribución gratuita. Tamén en Internet: www.asetem.com

A fuga de gasto de Melide cara Santiago chegaría ao 36%

A posible posta en marcha do C.C. As Cancelas ameaza o comercio melidense

A instalación en Compostela dunha gran superficie comercial en As Cancelas ameaza o comercio de Melide. Segundo datos que manexa Compostela Monumental, actualmente Melide ten unha fuga de gasto cara Santiago de aproximadamente o 6%. De comezar a funcionar a nova superficie comercial, esa fuga de gasto chegaría ao 36%, o que debuxa un futuro negro para o comercio local. Por iso, a Asociación de Empresarios

Terra de Melide, xunto a outras asociacións afectadas presentará ante a Xunta un escrito no que solicita que se denegue a licenza de apertura ao novo centro. A asociación melidense alega que o funcionamento do centro compostelá dificultaría a posta en marcha de calquera iniciativa dinamizadora do comercio local en Melide. Os responsables de ASETEM xa anunciaron que se fará todo o posible para defender os intereses locais. **P10**

Medio Ambiente estuda alternativas ao trazado da autovía que pasan polo LIC

A consellería traballa sobre borradores de Demarcación de Estradas que contemplan trazados que atravesarían o LIC do Careón que non afectarían significativamente os hábitats. **P6**



A Deputación investirá máis de 890.000 euros en obras na comarca

Será a través do Plan de Obras e Servizos. O maior beneficiario será Melide, que percibirá 332.096 euros que se destinarán á mellora do campo de fútbol. Santiso percibirá 185.029, Sobrado 217.831 e Toques 159.669 euros. **P7**

O PSOE de Santiso detectou a ausencia de varias pista da concentración parcelaria no Plan Xeral, que está a exposición pública **P7**

A comarca festexou o entroido a pesar do frío

Realidade e fantasía mesturáronse un ano máis durante os días de entroido. Os concellos viron como as súas rúas se enchían de cores e fantasías do máis variado. Comparsas cheas de colorido, outas con traballados dis-

fraces, e outras tirando máis de imaxinación ca de recursos espertaron sorrisos nos improvisados espectadores. Para premiar imaxinación e traballo, celebráronse varios concursos nos concellos da comarca. **P9**

Editorial

Na defensa do noso comercio

Un dos pilares sobre os que se sustenta boa parte da economía de Melide está a ser novamente ameazado, e con el, os milleiros de persoas que del dependen. O comercio melidense sofre un novo ataque directo aos seus intereses, e van moitos nos últimos tempos. Compostela está a piques de presenciar a posta en marcha dunha nova superficie comercial. Outro xigante, desta volta o maior de Galicia, que afectará directamente os intereses dos milleiros de pequenos e medianos comercios que se reparten ao longo dos máis de corenta concellos que se prevé estén na órbita de influencia do C.C. As Cancelas.

Goliath enfróntase de novo a David, e a peléxa antólase dura. Na actualidade aproximadamente un 6 % do gasto que se rexistra en Melide escápase cara Santiago. Se se manexara tamén a fuga de gasto que se dirixe cara A Coruña, Lugo, Lalín ou mesmo Ourense, os datos posiblemente serían terroríficos. Pois ben, se finalmente se implanta en Compostela a macrosuperficie comercial, o panorama pasará

do gris ao negro máis negro. Os datos que baralla Compostela Monumental din que a fuga de gasto de Melide cara Santiago chegaría ao 36%, un incremento do 30% que debuxa un panorama case catastrófico.

Os comercios de Melide atoparanse nunha situación realmente difícil se prospera a nova macrosuperficie comercial. O círculo vicioso económico afectará á comarca. Porque se a xente da bisbarra non fai as súas compras en Melide, os comerciantes reducirán os seus ingresos, e polo tanto o seu nivel de compra tamén se verá reducido. Unha espiral que non presaxia nada bo.

Non é só Melide o afectado polos xigantes do comercio. As bisbarras que forman a área de influencia de Compostela veranse afectadas por unhas dinámicas similares ou mesmo máis graves cás de Melide. A xa crítica zona de Negreira verá cómo a fuga de gasto cara Santiago pasa dun ratio superior ao 40 por cento, a unha cifra que ronda o

75 por cento. Cómo vai subsistir o comercio local dese xeito? Non se pode permitir.

Por iso, e pola defensa do comercio local de Melide, a Asociación de Empresarios Terra de Melide xa se puxo en marcha. Dende ASETEM negámonos a quedarnos de brazos cruzados cando estamos a observar cómo funden o noso medio de vida. Rexeitamos a idea de Melide como pobo fantasma e mero satélite que proporciona a Compostela clientes.

Xunto con outras asociacións locais afectadas, tales como a propia Compostela Mounumental ou Área Centra, comunicaremos á Xunta de Galicia o noso descontento co que está a piques de ocorrer e pediremos que se denegue a licenza de apertura á gran superficie comercial. Entendemos que se se pon en marcha o centro de As Cancelas, calquera inicitiva que tente dinamizar o noso comercio caerá nun saco furado. Será inútil coser por un lado se se descose polo outro. Por iso, dende aquí reiteramos a nosa defensa do comercio local.

Tribuna de opinión

Melide está na U.V.I.

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

Hai algo que me preocupa sobremaneira dende hai tempo. Vai máis aló de cuestións filosóficas e céntrase no pragmatismo máis radical. Para qué lle pagamos aos políticos?. Cada un de nós paga uns impostos e elixe cada poucos anos aos políticos que se encargarán de defender os nosos intereses. Sen embargo, con tan só saír á rúa o que vemos non é precisamente agradable. Vivimos nunha comarca na que os seus indicadores son totalmente negativos, e o futuro só pasa por escalas de grises a negros. Isto non ten substento.

Os que aínda albergamos un resto de esperanza e non sucumbimos ao panorama que nos están debuxando loitamos coas nosas armas á procura dun novo amencer da nosa terra. Movémonos para buscar infraestructuras, para atraer á nosa vila empresas, movémonos para mellorar en todo o posible o micromundo que nos rodea. E mentras nós nos movemos, qué fan os nosos políticos? Qué é o que eles fan para atraer riqueza a Melide? De qué xeito loitan eles pola vila?.

Tanto uns coma outros dan a calada por resposta mentres o comercio está na UVI e as empresas non dan máis de sí.

Non quero que se pense que nos estou colgando medallas, pero a realidade é que, por sorte ou por desgraza, estamos a converternos no pulmón desta comarca.

Só pido aos políticos que nos apoiem e nos axuden no canto de dividirnos es buscar cousas raras. Que deixen de tentar manter Melide ao igual que nos anos sesenta cando empresarios e comerciantes se contaban cos dedos da man. Iso xa non é válido. Aquí impostos pagámoslos todos, así que que nos den solucións a todos.

Non é posible que se deixe morre un pobo coma Melide, pero as fronteas abertas non presaxian nada bo. A industria medra nas bisbarras limítrofes, o comercio está cada vez máis afectado pola competencia das grandes superficies, e o agro non dá máis de sí. É hora de buscar solucións, e iso, vai no soldo dos políticos.

Cerne Terra de Melide

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta. 2.000 exemplares.

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Denís Fernández Méndez e Lorena García Calvo

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (A.S.E.T.E.M)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 Correo electrónico: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Domingos Fuciños, Vanessa Martínez, David Barrio
PSOE e BNG de Melide

AGRADECEMENTOS: Jorge Sangiao, M^a Pilar López

IMPRESIÓN: Norprensa

Cerne Terra de Melide non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores



Central: L.G. Laberco, s/n
15810 Arzúa (A Coruña)
Tfno: 981 50 04 29
Fax: 981 50 06 74

-Arzúa
-Melide
-Curtis
-Teixeiro
-Boimorto
-Guitiriz

Facturas e máis facturas sen pagar

GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Vai agora para dous anos que Miguel Pampín abandonaba a alcaldía de Melide deixando sen pagar 1.048 facturas que sumaban 1.233.242,5 euros (nin máis nin menos que 205 millóns de pesetas). Daquela, nada sabíamos disto. Aínda así, o BNG sempre sospeitou da mala situación económica do Concello.

Agora que coñecemos estes datos, queda demostrada diante de todo o pobo a mala xestión do anterior alcalde, que non tivo ningún reparo en dimitir

deixando un Concello fortemente endebedado. ¿Ou hai alguén que opine que deber máis de 200 millóns de pesetas durante varios anos a empresas, tendas, e negocios de Melide é xestionar ben un concello?

O Grupo Municipal do BNG non esquece as palabras da actual alcaldesa cando tomou posesión do seu cargo. Era o 30 de maio de 2004 cando a rexedora se dirixía ao ex-alcalde no Salón de Plenos do Concello para amosar o seu agradecemento coas seguintes verbas: "As con-

tas, Miguel, quedan claras e saneadas".

Así comezaba o mandato de Ánxeles Vázquez: cunha gran mentira. O tempo e as actas das Xuntas de Goberno Local que se celebran todos os xoves demostran que a alcaldesa mentiu, xa que cando pronunciou a devandita frase estaban sen pagar e sen recoñecer (coma se non existisen) máis de 1.000 facturas. Esa foi a herdanza de trece anos de política municipal a cargo de Miguel Pampín; unha herdanza que teremos que pagar todos os melidenses.

O entroido en Melide

GRUPO SOCIALISTA MUNICIPAL

Estamos a pasar o Entroido e un ano máis vemos como cada vez unha festa tan emblemática vai a menos, saír á rúa e ver como sucedeu o martes que xa ninguén se anima a disfrazarse é moi triste. É certo que os que nos disfrazamos, ou non nos disfrazamos neste caso, somos nós os veciños e veciñas de Melide, pero non é menos certo que dende as institucións non se pon o empeño suficiente en motivarnos para saír á rúa: facer os actos destas festas no "marabilloso" Palacio de Congresos e Exposicións é peor ca non facela, non se atura co frío, fai máis ca fóra do recinto, a acústica é a que todos sabemos: nula,

non se soporta o ruído, pero aínda así dende o Concello persístese na idea de utilízalo para estes actos, actos nos que ademais se fai un considerable despilfarro do ERARIO. O luns nada máis e nada menos que tres orquestras ou grupos que ademais de non soar, dadas as condicións do recinto, contou con escasa afluencia de público.

Todo esto fainos remontar a uns anos atrás, cando a xente saía a rúa, aínda que fixese frío ou choiva, había ambiente de entroido, daba igual como foses disfrazado o conto era disfrazarse, e ir o martes á queima do entroido na Praza das Coles, unha "institución"

destas festas que foi perdendo forza, e non contou co apoio preciso para sosterse, é necesario evolucionar pero tamén hai que conservar as costumes; convinando ambas, tradición e novidade sería mellor, pero se funcionaba a tradición porqué non se pon empeño en continuala e melloralala na medida do posible, sobretudo cando se comproba que a novidade non funciona.

É posible que todos teñamos un pouco de culpa de que estas festas xa non sexan o que era, e como cada aninovo conviría facer un propósito de emenda para o entroido que ven: cada un tras ler esto que faga o seu.

PÁXINAS ABERTAS

As páxinas de Cerne continúan abertas ao Partido Popular de Melide. O grupo municipal maioritario pode, ao igual que os grupos da oposición, enviar as súas colaboracións e opinións.

Televisión de Galicia, non Televisión Galega

VANESSA MARTÍNEZ

Unha das teimas máis recorridas polos vencedores logo dun cambio de goberno é o dominio e control dos medios de comunicación. Nunha zona eminentemente rural coma a comarca de Melide, a Televisión de Galicia actúa, con máis forza se é posible, coma un cuarto poder engatusador de mentes e paralizador de formas e contidos.

Claro que sempre está o recurso de pretender limitar a tendencia política e a parcialidade intencionada aos tempos dos informativos, típicos delatores de quen está detrás do poder. Mais esa limitación non deixa de ser un erro. As fórmulas repetitivas e eternas que enchen as televisións crean nos nosos cerebros -e sobre todo nos da poboación maior de 50-60 anos unha sensación de rutina que lles impide agardar algo máis aló, avanzar.

Non é casualidade que o programa estrela dos martes da galega caeseno primeiro asalto, porque despois de doce anos os reclamos para captar a audiencia seguían sendo a apela-

ción á emotividade dos máis vellos, o trato artificialmente familiar e a fórmula dun programa creado á medida dun personaxe -presentador-, xefe de aborrido ao que era obrigado adular.

Mais segue en pé outro baluarte do aparvamento da cultura galega que parece resistir ao suposto "cambio" e que nas noites dos venres concentra o maior número de galegos por metro cadrado ante a caixa boba. Cultura non é facerlle sitio ás gaitas e aos bailaríns que non saben máis ríos galegos ca o Miño e o Sil. Sempre está ben manter vivos os sons da terra, pero tamén cómpre abrir novos horizontes e achegalos aos máis novos doutra maneira que non sexa folclorismo barato que o converte todo nunha gaiterada para melancólicos. Un mestre de letras e tamén da vida, dixo unha vez, nunha aula do vello instituto de Melide, que a colonización da personalidade galega avanzaba a pasos axigantados. Mágoa que na TVG pensen que isto se evita só con falar o idioma.



FISCONTA
ASESORÍA

Asesoría de Empresas
JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ
CORREDOR DE SEGUROS
Autorización Nº: GF-035

Ronda de A Coruña, 32 - 1º Tel./fax: 981 50 76 23
15800 MELIDE (A Coruña) Tel./fax: 981 50 63 86
www.asesoriafisconta.com - empresas@asesoriafisconta.com



RESTAURANTE
CAFÉ - BAR
BODAS / BANQUETES
COMIDAS DE EMPRESAS

Tfno.: 981 50 76 33
Fax: 981 81 53 12
Avda. de Lugo, 119
15800 MELIDE (A Coruña)
e-mail: hc96@wanadoo.es

**Anúnciese
no
Cerne**

Teléfono:

9814506188

A Sinfónica de Melide colleitou enorme éxito na súa primeira xira do ano



Os concertos da xira colleitaron gran éxito de público

Redacción
Melide

A Orquestra Sinfónica de Melide rematou a finais do pasado xaneiro a súa primeira xira de actuacións do ano. A agrupación que dirixe Fernando Árias ofreceu catro concertos en Santiago, Ferrol, A Coruña e Betanzos, que colleitaron un rotundo éxito.

Amáis dos 55 compoñentes da Orquestra Sinfónica de Melide, as actuacións contaron coa colaboración de dous reputados cantantes, a soprano malagueña Cecilia Gallego, e o tenor Francisco Herrencia. O primeiro dos concertos ofrecidos pola Sinfónica na xira patrocinada pola Deputación da Coruña tivo lugar no Auditorio de Galicia, en Compostela. Un día despois, o 21 de xaneiro, a formación municipal desprazouse ata Ferrol para actuar no recién restaurado Teatro Jofre, un auditorio que quedou pequeno para acoller ao numeroso público que asistiu ao recinto a presenciar o Gran Concerto de Ópera.

Máis de 1.500 persoas

asistiron á actuación da Sinfónica de Melide no Palacio da Ópera de A Coruña, a terceira das actuacións programadas. O punto e final á primeira xira do ano da agrupación púxose no Concello de Betanzos. A Sinfónica melidense presentou un programa que incluíu fragmentos de coñecidas óperas de Puccini, Verdi ou Bizet.

Patrocinio

A primeira xira do 2006 da orquestra que dirixe Fernando Árias contou co patrocinio da Deputación da Coruña, que fixo unha achega de 60.000 euros para facer posibles os concertos. Segundo manifestou a deputada provincial e portavoz do Grupo Provincial do BNG, Socorro Cea, a Deputación, con esta xira pretendeu "achegar ao público a importante labor e a gran calidade da Orquestra Sinfónica de Galicia", unha agrupación que con tan só 13 anos de vida está considerada a terceira orquestra de Galicia.

Semana branca ao estilo Rienda

Máis de 20 rapaces da comarca participaron na campaña de esquí da Deputación, que desta volta os achegou ata as pistas aragonesas de Candanchú

Redacción
Melide

Aínda que as neves xa visitaron Melide e comarca nun par de ocasións, aínda falta moito para poder sacar os esquís á rúa. Así que nada mellor que achegarse ata as montañas aragonesas para entrar en contacto co deporte rei do inverno: o esquí. Un total de 23 rapaces de entre 10 e 12 anos de Melide, Santiso e Toques participaron na campaña de esquí promovida pola Deputación da Coruña. Dende o 18 ata o 25 de febreiro os mozos da comarca poideron desfrutar de deporte e vistas na estación invernal de Candanchú, en Huesca. A expedición melidense supuxo a cuarta quenda de rapaces da provincia que desfrutaran no que vai de tempada da semana branca en Aragón.

Ao igual ca en anos anteriores, un hotel de tres estrelas esperou aos ben dispostos aprendices de



Os rapaces desfrutaron das actividades da estación

esquiadores, que contaron con monitores da Escola de esquí de Candanchú que lles impartiron un curso de esquí de 10 horas ao que máis dun lle sacou partido. Os máis aventureiros tiveron ademais a oportunidade de practicar snowboard e facer travesías polos circuitos da estación. Candanchú abrangue 58 quilómetros de pistas e cinco circuitos de fondo.

Como non todo vai ser

neve, a expedición melidense tamén se deu un paseo pola pista de patinaxe de Jaca, un pazo de xeo no que se teñen disputado en varias ocasións competicións internacionais, e que foi testemuña do nacemento de novas promesas da patinaxe, e tamén dalgunha que outra caída. Agora que os mozos xa están de volta na comarca, algún xa está pensando na vindeira semana branca.

A fundación Amigos de Galicia axuda aos desfavorecidos

Redacción
Melide

O salón de plenos do concello acolleu a entrega de roupa e outros produtos a vinte familias de Melide, a cargo da Fundación Amigos de Galicia. Esta institución, que axuda a 3000 anciáns e 1000 rapaces sen recursos, está presidida por Jesús Busto Peteiro, natural de Toques, quen estivo presente no acto xunto coa alcaldesa de Melide.



O reparto incluía roupa doada por Adolfo Domínguez

O PP aproba un orzamento de 5,3 millóns de euros

BNG e PSOE votaron en contra do documento presentado polo equipo de goberno, argumentando a escasa porcentaxe destinada a investimentos sobre o total, así como o exceso de gasto no capítulo de persoal

Redacción
Melide

O pleno do 4 de xaneiro aprobou os novos orzamentos de Melide, cos votos en contra de BNG e PSOE. O orzamento ascende a 5.283.000 euros e foi cualificado pola propia alcaldesa, Ánxeles Vázquez, como “continuísta”. O concello prevé ingresar 2.523.000 euros por taxas e impostos. Ademais, solicitará un crédito de 291.000 euros. En declaracións a *Cerne*, Ánxeles Vázquez cualificou o orzamento de “responsable e austero”. Segundo a rexedora “popular”, o obxectivo é a contención de gastos, “sempre que se lle dean aos veciños os mesmos servizos que veñen recibindo até agora”. Tamén valora a redución da débeda, que está nun 22% do orzamento total. Ante as críticas polos escasos recursos destinados a investimentos reais (830.000 euros, un 15,7% do orzamento total), quixo resaltar que o concello levaba varios exercicios realizando un importante esforzo inversor, en obras como o pavillón de deportes ou o cemiterio, e que



O Partido Popular fixo valer a súa maioría no pleno

este ano consideraron prudente “conter o gasto”. As medidas “estrela” do novo exercicio serán o arranxo do campo de fútbol, a adquisición de terreos para a depuradora (financiada por Medio Ambiente), o equipamento da residencia da terceira idade e centro de día, así como a ampliación da escola infantil.

Oposición

O BNG emitiu un comunicado no que critica o escaso investimento do conce-

llo e o elevado gasto en persoal. Os nacionalistas melidenses quixeron resaltar a escasa porcentaxe de investimento correspondente a recursos propios: só 3.500 euros do total, dependendo o resto do financiamento alleo e de préstamos bancarios. Consideran preocupante a diminución do investimento en termos relativos, xa que no 2000 este alcanzaba un 25%.

O capítulo referido a gasto de persoal supón un 32,8% do orzamento total, o que

tamén é criticado polos nacionalistas, xa que este aumentou en 23 persoas en cinco anos. No tocante á débeda municipal cos bancos resaltan a necesidade de pedir un novo crédito, co que esta ascenderá a 1.343.000 euros en forma de tres empréstimos. O BNG considera especialmente grave que haxa unha partida de 1.222.000 euros destinada a pagar as facturas da etapa de Miguel Pampín. Porén, segundo Ánxeles Vázquez, con estes orza-

mentos quedaría saldada a débeda cos provedores.

O PSOE coincide cos nacionalistas nas liñas fundamentais de crítica, considerando especialmente grave que haxa un 84% do orzamento dedicado a gasto corrente. Os socialistas dubidan que o goberno municipal poida cumprir as previsións de ingresos por licenzas de obra e actualización do padrón. Manuel Prado, voceiro do PSOE, considera que a zona rural require maior atención.

ASETEM colabora no programa europeo de emprego Rurbanet

Redacción
Melide

A Asociación de Empresarios Terra de Melide é un dos axentes sociais que está a colaborar coa posta en funcionamento do programa europeo Rurbanet, un proxecto promovido pola Deputación da Coruña, e que ten como obxectivo impulsar actuacións diri-

xidas a implantar estratexias de creación de emprego que axuden a desenvolver economicamente a comarca. Rurbanet pretende ademais evitar a despoboación rural pola necesidade de que os máis novos se vexan obrigados a buscar emprego en núcleos urbanos.

O concello de Melide

será o único municipio galego, e un dos cinco españois seleccionados para a posta en marcha do programa. A mediados do pasado xaneiro tivo lugar no concello de Melide unha xuntanza de traballo á que asistiron os axentes sociais e económicos que colaboran no programa. Á reunión asistiron o presidente da Deputación da

Coruña, Salvador Fernández Moreda, a alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, o presidente de ASETEM, José Antonio Rodríguez e o vicepresidente da asociación, Javier López, técnicos do proxecto Rurbanet, así como representantes doutros colectivos implicados no programa.

Na xuntanza constatouse a profunda necesidade de crear postos de emprego estables na comarca, así como pór en marcha ini-

ciativas que den un pulo á economía melidense.

Primeiros froitos

O presidente provincial, Fernández Moreda, manifestou a súa satisfacción porque Rurbanet esté xa dando os seus primeiros froitos. De xeito inminente, a través de Rurbanet poranse en marcha iniciativas empresariais de deseño gráfico, atención a domicilio, limpeza e restauración de mobles, entre outras actividades.

Os 14 aspirantes ás 5 prazas do concello terán a primeira proba en marzo

Redacción
Melide

Os vindeiros 21 e 22 de marzo realizarase a primeira das probas que determinarán cales dos 14 aspirantes ás prazas do concello de Melide accede ás cinco prazas.

O pasado sete de febreiro fíxose público o listado provisional de admitidos para concorrir ás oposicións que dotarán ao concello de melide dun técnico de administración xeral-xestión, un administrativo (estes dous como funcionarios), un encargado do edificio multiusos, un xardiñeiro e un encargado de obras (os tres como persoal laboral fixo).

O tribunal que xulgará as probas estará presidido pola alcaldesa Ánxeles Vázquez e non contará con ningún membro da oposición logo de que o grupo de goberno melidese rexeitara a petición do BNG de formar parte do xurado.

MELLORAS

O Grupo Municipal Socialista de Melide presentou ante o Concello varias mocións e rogos nos que solicita o arranxo e mellora de varias pistas e estradas. Os socialistas reclaman melloras na estrada local que vai de San Salvador a Ponte da Pedra ao esta dita estrada nun estado lamentable. Así mesmo presentaron unha moción na que solicitan o arranxo da prolongación da rúa Martagona.

Medio Ambiente estuda alternativas ao trazado inicial da autovía, e que poden atravesar o LIC

A consellería está a traballar sobre borradores da Demarcación de Estradas que contemplan opcións que non afectarían significativamente aos hábitats

Redacción
Melide

A firma dun trazado alternativo ao inicial para o tramo Melide-Palas da autovía Santiago-Lugo semella estar cada día máis preto. A consellería de Medio Ambiente confirmou que se está a traballar sobre varias alternativas que poderían atravesar o Lugar de Interese Comunitario (LIC) da Serra do Careón. O pasado novembro o deputado nacionalista Fernando Blanco dirixiu ao Parlamento galego unha pregunta sobre a situación dos traballos do PORN (Plano de Ordenación dos Recursos Naturais) da Serra do Careón, así como sobre a súa finalización e publicación. A resposta dada dende a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible indicou que a finais de setembro, a consellería mantivo unha xuntanza con responsables da



As alternativas sobre as que se traballa non afectan significativamente ao Careón

Demarcación de Estradas do Estado aos que se lles facilitou a información procedente do PORN. Dende Medio Ambiente instouse á Demarcación a elaborar un estudo complementario sobre cómo afectarían aos hábitats e especies os trazados alternativos que se pretenden estudar, e que atravesarían o LIC.

Dous meses despois da primeira xuntanza, Demarcación de Estradas

presentou un paquete de alternativas ao trazado proposto inicialmente por Fomento, e nas que presentaba unha avaliación previa da incidencia destes trazados alternativos sobre o LIC. No documento, Demarcación constatou o achádego de solucións que a priori non afectan de xeito significativo a hábitats prioritarios, e que minimizan as afeccións sobre os hábitats de interese comunitario que

atrasan. Para poder avanzar nesta liña, a consellería solicitou a Fomento nova información arredor dos trazados alternativos que se remitiu á Xunta a primeiros de xaneiro.

A consellería está a avaliar agora estas alternativas ao tempo que as somete a comprobacións de campo que desembocarán nun informe definitivo que podería facerse público en pouco tempo.

O Concello recoñece outros 40.463 euros de facturas sen pagar do mandato de Pampín

Redacción
Melide

O actual goberno de Melide farase cargo do pago de 40.463 euros en facturas sen pagar correspondentes ao período de tempo no que exerceu como alcalde Miguel Pampín, e que corresponden a letras ata o mes de maio de 2004, data na que Ánxeles Vázquez tomou posesión do cargo de alcaldesa. Segundo fixo público o grupo municipal do BNG, en base á acta da xunta de goberno local

celebrada o 15 de decembro, a débeda compónena un total de 36 facturas non abonadas, e que o goberno actual pagará con cargo ao orzamento do 2005.

Seis recoñecementos

O recoñecemento por parte do concello melidense destas facturas non pagadas ven a sumarse a outros cinco recoñecementos extraxudiciais de crédito que o goberno de Vázquez xa fixo públicos. Na acta da xunta de goberno local de xuño de 2005,

o concello recoñeceu que se debían 707.890 euros en facturas sen pagar da etapa na que Miguel Pampín era alcalde. En xullo recoñecéronse novas obrigas por valor de 143.782 euros, aos que se sumou unha nova factura pendente de 7.192 euros. En xuño de 2005 a xunta de goberno local fixo pública unha nova débeda por valor de 103.201 euros correspondentes a 55 facturas sen pagar.

A finais de 2005 fíxose un novo recoñecemento

extraxudicial de crédito por valor de 230.713 euros ó que hai que sumar a do pasado decembro.

Segundo fixo público o Bloque Nacionalista Galego melidense, cos seis recoñecementos extraxudiciais de crédito que a alcaldesa fixo ao longo do seu mandato, a suma de facturas impagadas correspondentes ao goberno anterior ascende a 1.233.242. Esta suma total estaría repartida nun total de 1.048 facturas que non se pagaron.

A Deputación investirá na comarca 895.000 euros a través do plan de obras e servizos

Melide será o principal beneficiario ao percibir 332.096 destinados á mellora do campo de fútbol

Redacción
Melide

A Deputación da Coruña ven de aprobar no seu último pleno unha partida de 895.000 euros con cargo ao Plan de Obras e Servizos (POS) 2006 para a realización de distintas obras nos catro concellos da comarca. Estas actuacións permitirán aos concellos executar obras de competencia municipal que superan os 30.000 euros cada unha, e que previamente foron solicitadas por cada municipio.

O concello de Melide percibirá un total de 332.096 euros que se destinarán integramente á mellora do campo de fútbol municipal. A Deputación destinará 217.831 euros para actuacións en Sobrado, 185.029 para obras no municipio de Santiso, mentras que a cantidade que percibirá Toques



As melloras no campo de fútbol de Melide contarán cunha axuda de 332.096 euros

ascende a 159.669 euros.

As axudas aprobada para o acometido de obras en Santiso concrétese en 46.018 euros para a pavimentación en Balocás e outras vías. Un total de

42.779 euros destinaranse á mellora do camiño de Vilanova, en Beigondo; 46.777 euros serán par a mellora do camiño entre Carballido e Maniño, e a partida máis importante,

con 49.454 euros será para o ensanche da estrada que conecta Belmil e Pezobre.

En Toques, as partidas aprobadas dentro do Plan de Obras e Servizos destinarán 30.018 euros á

ampliación do alumeadado público entres San Xulián e Igrexa. A mellora do camiño de Socoitos e outras vías terá 31.279 euros, mentres 31.635 euros se destinarán á pavimentación da vía de Pazo Abaixo. O asfaltado e sobreanchos ente Irago de Arriba e Vilamor contará con 30.087 euors, mentres que 30.639 euros se destinarán á pavimentación de Buxán.

En Sobrado 58.475 euros servirán para acondicionar o entorno do Centro de Saúde; 55.250 empregaranse para o acondicionamento dos arredores do pavillón polideportivo, e 53.448 adicaranse ao acondicionamento en Camiño Igrexa Nogueira e Casanova. Así mesmo, a Deputación coruñesa aporhou unha partida de 50.656 euros para a apertura de rúas "B" en Auga Pousada.

O PSOE detecta a ausencia de varias pistas no PXOM de Santiso

Redacción
Santiso

O grupo municipal do PSdeG-PSOE de Santiso solicitará varias modificacións ao Plan Xeral de Ordenación Municipal que se atopa estes días na súa fase de exposición pública, logo de que detectaran varias irregularidades. A concelleira socialista Inés Cagide anunciou que presentará unha moción ao próximo pleno neste sentido.

Segundo os socialistas de Santiso, o Plan Xeral do municipio non recolle a existencia de numerosas

pistas da concentración parcelaria. A gravidade está en que algunhas desas pistas levan construídas ata catorce anos, como é o caso de concentracións como a de Rivadulla. Para o PSdeG de Santiso, esa ausencia no plano de ordenación municipal das pistas xa existentes é de suma gravidade xa que modifica totalmente a realidade das zonas que atravesan.

Outra das irregularidades que o grupo socialista detectou no PXOM de Santiso está no campo de fútbol, sinalado como de herva no plan xeral, cando

en realidade leva cinco anos con céspede sintético. Inés Cagide xa anunciou que solicitará que se modifiquen estes aspectos no plan de ordenación.

Exposición

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Santiso estará en exposición pública ata o vindeiro día 16. Ata esa data todos os veciños do concello poderán achegarse a pedir información sobre o plan e presentar as súas alegacións. O PXOM de Santiso só se exporá ao público un mes.



Rúa Rocamador, 2
Tfno.: 981 50 51 64
Fax: 981 81 54 66
15.800 MELIDE (A Coruña)



**Joyería
Oro Ley**

Taller Propio

Rúa San Pedro, 14
15800 MELIDE
(A CORUÑA)

Telf.: 981505468

Socialista e nacionalistas alegan contra a RPT do concello de Melide

Redacción
Melide

A Relación de Postos de Traballo que o grupo de goberno de Melide pretende aprobar proximamente recibiu numerosas alegacións por parte dos grupos da oposición. Tanto socialistas como nacionalistas detectaron aspectos da RPT que lles parecen irregulares. De feito, os nacionalistas consideran “impresentable, discriminatoria e inxusta” a relación.

Os socialistas alegan que se está a producir un agravio comparativo entre os funcionarios, xa que o criterio para o reparto dos complementos específicos é totalmente arbitrario. Coincide neste punto o grupo municipal do BNG, que ve este reparto de complementos como discriminatorio ao non haber un reparto lóxico. Así, tal e como manifesta o BNG local, na RPT de Melide consta un auxiliar administrativo con nivel 18 que ten un complemento específico que triplica ao dun administrativo con nivel 22. Outra das alegacións do BNG é que non se constituiu previamente a Mesa Xeral de negociación, o cal suporía a nulidade de pleno dereito da RPT.

O PSdeG local constata tamén a existencia dunha serie de postos a cubrir por persoal laboral nos que se prevé como forma de provisión a desinganción pola presidenta da corporación.

Jesús Ares evita contestar a maioría das preguntas da oposición

Os cemiterios e as vivendas de protección oficial foron algúns dos temas debatidos en pleno

Denís Fernández
Toques

Os portavoces de AIT e PSOE en Toques non presentaron ningunha moción no pleno do 3 de xaneiro. En cambio “acribillaron” ao alcalde no turno de rogos e preguntas: o enterro de Manuel Vaamonde, a perda de subvencións ou a situación dos cemiterios municipais foron algúns dos temas que tocaron Manuel Ferro (AIT) e Cruz Bande (PSOE). Jesús Ares optou por remitir moitos dos temas ao secretario do concello e dar as respostas máis breves posibles.

AIT solicitou na súa quenda información acerca dos panteóns, da situación do Plan Xeral de Ordenación Municipal e do sistema de brigadas antilumes. Ademais este grupo reclamou que a oposición puidese estar presente nas oposicións municipais. Por parte do PSOE realizáronse preguntas acerca da xestión da rede de telefonía, do Plan de Obras e Servizos do 2006 e sobre as actividades do campo de fútbol. Cruz Bande tamén preguntou pola situación dos panteóns



Ares non quixo referirse á situación dos panteóns municipais

municipais. Nese momento, o alcalde cedulle ao secretario a responsabilidade de informar. Segundo amosou o propio funcionario, no libro de rexistro dos cemiterios non constaba ningún enterramento; a pesar diso, o alcalde non deu ningunha explicación. A concelleira socialista tamén se queixou da suspensión do pleno de setembro (segundo Ares, por estar os funcionarios de vacacións) e polo gasto de máis de 3.000 euros en dietas de xaneiro a xuño do 2005 (“perfectamente xustificadas”, dixo o alcalde). A tensión entre Bande e o rexedor continuou

cando este culpou á Deputación de non terlle concedido unha subvención ao concello, mentres a concelleira socialista preguntaba as causas da denegación.

Vivendas protexidas

A discusión máis dura tivo lugar sobre a futura construción de vivendas protexidas. Cruz Bande puxo en dúbida a súa necesidade, criticando que nas xa construídas había unha valeira, que fora adxudicada a o fillo dun concelleiro do grupo de goberno. Ares, afirmou que “non pensaba responder a esa pregunta e que, en todo caso el non

era quen para obrigarlle a ningún a vivir alí.”

Logo, no turno de rogos AIT pediu que non se repetira o sucedido no pleno extraordinario sobre o enterro de Manuel Vaamonde, o cal foi suspendido abruptamente por orde do alcalde. Ademais, Manuel Ferro falou do PXOM, mantendo a liña habitual dos independentes, segundo os que o plan está redactado de xeito “oscurantista e con excesiva rapidez”. Por parte do PSOE criticouse que a felicitación do Nadal a fíxese o alcalde e non a corporación nos almanaques repartidos aos veciños.

Empresarios de Santiso piden á Deputación a ampliación da estrada Melide-Rivadulla

Redacción
Santiso

Un grupo de empresarios de Santiso mantivo unha xuntanza na sede do Grupo Socialista local na que acordaron solicitar á Deputación Provincial a ampliación da estrada C-4603 que une Melide e Rivadulla. Os empresarios, que se valen de dita

vía para transitar coas súas mercadorías, ven precisa a ampliación da mesma para poder dar entrada e saída aos seus produtos sen dificultades nin limitacións.

O Grupo Socialista de Santiso suscribiu a solicitude dos empresarios ao entender que o sector empresarial local debe

contar con todo o apoio e comodidades que precisan, e que lle permitirán seguir medrando e creando postos de traballo no municipio. Por esta razón foi o propio Grupo Socialista quen presentou o correspondente escrito de solicitude na Deputación coruñesa.

Logo das conversas man-

tidas polos responsables socialistas de Santiso e o propio presidente da Deputación, a agrupación local confía en que a ampliación da estrada se realizara a curto prazo.

Na xuntanza, os socialistas reiteráronlle aos empresarios de Santiso todo o seu apoio en prol da mellora común.

Melide rendeuse a don Carnal

Realidade e fantasía misturáronse ao longo de cinco días nun maremagnun de cores e imaxinación



“V Centenario da seguridade papal”, gañador en Melide



O luns de entroido as máscaras saíron á rúa

Redacción
Melide

Realidade e fantasía misturáronse novamente nas rúas melidenses durante os días de entroido. A imaxinación tomou o poder para dar paso a un maremagnun de cores, fantasías e algunha que outra parodia. Os reporteiros de Caiga Quien Caiga poideron reportaxear a voda de Farruquito mentras colmeas de abellas danzaban ao seu redor. Vellos e vellas saíron á rúa, vixiada por un destartado coche da “Garda Civil”, ao tempo que a garda vaticana lucía as súas mellores galas. Benedicto XVI visitou Melide no seu papamovil o día que as “marujas” acudían á escola.

Vodas cun toque surrealista, Tuchos e Tonechos, Letizias con Felipes e bebés ben criadiños déronlle a volta á realidade durante algunhas horas.

Porque o Entroido non entende de idades, nenos e maiores rendíronse de boa gana aos encantos de Don Carnal.



Unha “escola de marujas” impartiu clase



“A enchenta do entroido”, segundo premio en Melide



O Pazo de Congressos foi recibiu a visita de personaxes de todo tipo

Queres anunciarte en Cerne?
Infórmate no 981506188



Melligas, s.l.

Rda. de A Coruña, 56 - B.
15900 Melide (A Coruña)



Agencia de
Repsol Butano
n.º 15158

O curso de prevención de riscos laborais comeza o 22 de marzo

Redacción Melide

O vindeiro día 22 dará comezo nos locais da Asociación de Empresarios Terra de Melide o curso de prevención de riscos laborais de nivel básico. O prazo para inscribirse na actividade formativa continúa aberto á espera de que se complete o máximo de 17 alumnos. Este curso, de 50 horas de duración, impartirase de luns a xoves en horario de 20.00 a 22.30 horas. A data de finalización será o 22 de abril.

ASETEM abre o prazo para asistir a actividades formativas

Redacción Melide

A Asociación de Empresarios mantén aberto o prazo para inscribirse nos cursos que se impartirán na sede do colectivo proximamente. O día 18 de abril comezará o curso de Word e Powertpoint en nivel básico. O máximo de alumnos establecido é de 15 persoas, e o horario das actividades será de luns a xoves de 20.00 horas a 22.30. O curso finalizará o catro de maio.

Curso de galego
Proximamente impartirase un curso de iniciación ao galego que xa ten a inscrición aberta.

Melide sufriría unha fuga de gasto dun 36% cara Santiago de abrirse o C.C. As cancelas

A SETEM, xunto con outros colectivos compostelás, solicitará á Xunta que denegue a licenza á gran superficie por entender que perxudica notablemente os intereses do pequeno comercio melidense

Redacción Melide

A posible posta en Marcha en As Cancelas da maior superficie comercial de Galicia está estes días a revolucionar ás asociacións de comerciantes. O novo centro que se pretende crear en Santiago acarrearía consecuencias nefastas para o pequeno e mediano comercio da área de influencia compostelá, dentro da cal se atopa a Terra de Melide. Segundo datos que manexa Compostela Monumental, de comezar a funcionar o C.C. As Cancelas, o comercio de Melide pasaría de ter unha fuga de gasto de case un 6%, a un 36%. Un incremento de 30% puntos que dificultaría enormemente o futuro da rede comercial da comarca. A esta fuga de

Comarca	Perda de vendas a favor de Santiago	Gasto efadido a favor de Santiago (en %)
Arzúa	8,61%	5,62%
Barbanza	0,87%	0,57%
Barcala	47,84%	31,19%
Muros	2,68%	1,75%
Noia	4,47%	3,07%
Ordes	8,36%	5,45%
O Sar	31,81%	20,74%
Terra de Melide	5,28%	3,45%
Xallas	11,50%	7,50%

FONTE: "Avaliación da historia do comercio en Santiago de Compostela"

gasto cara Santiago, habería que engadirlle a que se dirixe a zonas como Lugo, Lalín, A Coruña ou Ourense. Para defender os intereses dos comerciantes melidenses, a Asociación de Empresarios Terra de Melide presentará xunto con Compostela Monumental e Área Central un escrito ante a Consellería de Industria e Comercio no que se alegarán as razóns destes colec-

tivos para pedir que se denegue a licenza de apertura. ASETEM pensa que a implantación da gran área comercial iría en contra de calquera iniciativa de dinamización do pequeno comercio de Melide. O centro que se proxecta abrir en As Cancelas ten unha superficie de 54.000 metros cadrados, dos cales 8.000 estarían ocupados por hipermercado. O seu mercado potencial ronda-

ría as 500.000 persoas, repartidas en 42 concellos entre os que se atopa a comarca melidense. Un dos datos máis alarmantes para os pequenos comerciantes das zonas de influencia é que aproximadamente 200.000 clientes potenciais da nova superficie hoxe por hoxe non mercan en Santiago, co cal corresponderían a xente que deixaría de mercar no pequeno comercio limítrofe e que optaría por achegarse a Compostela.

Casos sangrantes
Aínda que o caso de Melide é grave, hai zonas nas que a situación é xa crítica. A zona de Negreira ten actualmente unha fuga de gasto dun 45% cara Compostela, e calcúlase que coa nova superficie de compra chegaría ao 75%.

Empresarios do polígono estudan medidas para evitar roubos nas súas instalacións

Redacción Melide

Empresarios do polígono melidense da Madanela mantiveron a finais de febreiro unha xuntanza con representantes da Asociación de Empresarios Terra de Melide co obxectivo de buscar solucións conxuntas aos roubos que varias naves industriais sufriron nas últimas semanas. Tanto empresarios como responsables da asociación acordaron na xuntanza solicitar por medio de ASETEM axudas á Deputación da Coruña, ao Concello e á Xunta para contratar

algún servizo de seguridade para as empresas do polígono que evite futuros roubos. Así mesmo, dende a Asociación de Empresarios melidense puxéronse xa en marcha contactos con diversas empresas de seguridade para pedir presupostos e buscar solucións ao problema no espazo de tempo máis breve posible. Outra das posibilidades postas enriba da mesa na xuntanza cos empresarios do polígono foi a de contratar a persoal autónomo que exerza como vixiante e actúe como medida persuasoria.

ACámarade Comercio edita un estudo socioeconómico sobre os concellos da zona

Redacción Melide

A Cámara de Comercio de Santiago editou un estudio socioeconómico no que aborda a realidade dos concellos de Melide, Arzúa, Boimorto, Santiso, Sobrado, Vilasantar e Toques. No traballo, no que colaborou a Asociación de Empresarios Terra de Melide, conclúense cuestións como a escasa dotación de infraestructuras de transporte respecto á media provincial, se ben as capitais de comarca sobrepasan o ratio medio. No referente á evolución poboacional, o estudo da Cámara de Comercio des-

taca a perda xeral de poboación e as altas taxas de avellentamento. As dificultades das mulleres para acceder ao mercado laboral, a baixa taxa de asalarización e unha evolución desfavorable do emprego son tamén algunhas das conclusións ás que chega o estudo socioeconómico, que constata a concentración da actividade económica das comarcas en Melide e Arzúa. Respecto da evolución da renda per cápita, conséntase un incremento ocasionado pola perda de poboación, o aumento da percepción de subsidios e unha dinámica económica relativamente favorable.

A campaña de nadal, organizada por Asetem, repartiu máis de 2.400 euros

Os dez números gañadores sorteáronse ante notario entre as máis de 25.000 rifas repartidas

Redacción
Melide

A campaña de Nadal “O teu centro comercial está en Melide”, organizada este ano pola Asociación de Empresarios Terra de Melide ten dende o pasado febreiro novos gañadores. A campaña de fomento do comercio melidense repartiu desta volta máis de 2.400 euros en premios correspondentes aos oito números premiados que apareceron. En total, sorteouse un primeiro premio de 1.000 euros, un segundo dotado con 500 euros, tres de 250 euros, e cinco de 100 euros, dos cales só apareceron dous gañadores.

“O teu centro comercial está en Melide” repartiu nesta edición máis de



Partre dos premiados recibiron durante a cea os cheques

25.000 papeletas que os clientes poideron conse-

guir nos 24 establecemen-

tos asociados á campaña. O sorteo dos número premiados tivo lugar o dez de

xaneiro ante notario, mentras a entrega dos mesmos se fixo nunha cea organizada pola Asociación de Empresarios, e celebrada o 10 de febreiro no restaurante Soni. Máis de 40 comerciantes e premiados asistiron ao acto de entrega dos premios.

Satisfacción

José Antonio Rodríguez, presidente da Asociación de empresarios Terra de Melide amosou a súa satisfacción polo éxito da campaña en prol do comercio na localidade, “Creo que foi un éxito rotundo, así que estamos moi satisfeitos coa campaña que dende hai anos ven animando á xente da comarca a facer as súas compras de Nadal en Melide”



O primeiro premio estivo dotado con 1.000 euros



Modas Manuel repartiu un dos terceiros premios

A fortuna visitou aos clientes dos comercios da localidade

Desta volta foron un total de 24 comercios da comarca os que participaron na campaña “O teu centro comercial está en Melide”. O primeiro dos premios, dotado con 1.000 euros recaeu nunha das

papeletas repartidas por Muebles Paula, mentras que os 500 euros do segundo premio foron a parar a un dos clientes do Pazo de Eidián.

Os tres premios de 250 euros da campaña repartí-

ronse entre clientes de Xoiería Roval, Xoiería Silvela e Modas Manuel.

Tres dos cuartos premios, dotados con 100 euros quedaron desertos. O que sí encontrou ao afortunado gañador foi o repartido por

Xoiería Roval.

Logo do éxito logrado na campaña de Nadal, a Asociación de Empresarios melidense pensa xa en novas posibilidades para a vindeira tempada.

A Lei de Protección de Datos ofrece garantías aos clientes

Redacción
Melide

A Lei de Protección de Datos afecta a todos os profesionais liberais, empresas e organizacións, privadas e públicas que empregan ou tratan con datos de carácter persoal. Debido a isto, a lexislación establece ás empresas unha serie de obrigas destinadas a evitar calquera uso indebido de dita información. Para asegurar o cumprimento da norma, a lei inclúe sancións económicas.

AXUDAS

IGAPE

O Diario Oficial de Galicia publicou o pasado 2 de febreiro, e en base á resolución adoptada o día 13, a modificación das bases reguladoras do Instituto Galego de Promoción Económica. As bases para a obtención de ditas axudas atópanse na páxina web da Federación Galega de Comercio: www.comerciogalicia.com.

INTEGRACIÓN

A Vicepresidencia para a Igualdade e o Benestar Social ven de establecer subvencións para o desenvolvemento de programas de incorporación socio-laboral destinadas a persoas en situación ou risco de exclusión social. As axudas poderán ser solicitadas por entidades de iniciativa social e por organizacións empresariais ou sindicais.

A construción de vivendas, edificios industriais e agrarios, así como a obra pública, son o mercado para o formigón e os áridos

Mynhor, unha empresa vencellada á comarca e con intención de expandirse

Morteros y Hormigones del Noroeste (Mynhor) leva desde o 1997 instalada en Melide. A sede central da empresa está na Coruña, pero forma parte da filosofía desta compañía, con sucursais por toda a provincia, implicarse na comarca na que se atopa. Así, Mynhor procura

traballar con provedores da zona (mecánica, reparacións, servizos bancarios...). Segundo nos comenta Álvaro Martínez Carballeira, responsable e comercial da zona, “todo o que podemos facer na comarca, facémolo”. Mynhor da traballo a 10 persoas na zona de Melide.

Con intención de ampliar mercados

Esta empresa subministra formigón e áridos na comarca da Terra de Melide, así como na Ulloa (Palas de Rei, Antas de Ulla, Monterroso) en Lugo, na comarca de Arzúa e no norte da comarca do Deza (Agolada). A súa “base de operacións” atópase no polígono industrial da Madanela, onde se fabrica o formigón que logo van distribuindo os camiós. Mynhor conta cunha flota de 5 vehículos propios, que poden ampliarse ata chegar aos 15 ou 20 segundo as necesidades do momento.

A empresa ten intención de ampliar as instalacións no polígono, sen descartar expandirse por puntos próximos á comarca. Igualmente, segundo conta Álvaro Martínez, esta expansión de instalacións implicaría tamén ampliar os mercados, incluíndo a fabricación de novos produtos.



Álvaro García xunto co plantista, nas oficinas de Mynhor no polígono da Madanela

A autovía Santiago-Lugo: unha gran oportunidade

Preguntado acerca da autovía Santiago-Lugo, o comercial responsable da área de Melide coincide co sentir maioritario da vila en que esta supón unha grande oportunidade. Como explica Álvaro García “as autovías non só requiren formigón para a súa construción, senón tamén para a súa conserva-

ción”. Ademais, valora moito que o polígono e mais a vila de Melide estarán moito mellor comunicados, o que repercutirá nunha maior actividade económica na zona. En Mynhor están convencidos de que a súa empresa entraría no mercado de formigón de pasar finalmente o trazado pola vila.

A calidade é unha das súas preocupacións, contando cos selos Aenor de empresa e de produto, así como o certificado ISO 9001. No que respecta ao asociacionismo empresarial, son membros de Asetem e mais de ANEFHOP, a asociación española de fabricantes de formigón preparado.

Sen temor á “burbulla inmobiliaria”

A fabricación e distribución de formigón está profundamente relacionada co mercado inmobiliario. A maioría da demanda de Mynhor vén da construción de vivendas, aínda que tamén se consume na construción de naves industriais ou instalacións para o gando; así como en infraestruturas públicas. En relación coa construción de vivendas, unha das intencións da empresa é elaborar un novo tipo de formigón “autonivelante” -que se poida almacenar no lugar da obra, sen necesidade de ser empregado ao momento-. Preguntado pola famosa “burbulla inmobiliaria” e o risco de que a construción decaía por un exceso de oferta, Álvaro Martínez amosouse moi optimista, xa que “desde que empecei neste negocio, no 91, levo escoitando que ía haber unha crise na construción, e ao final nunca pasa nada.”



As rúas de Melide: Melide di Lugano

Xosé Domingos Fuciños Gómez

Esta rúa é a primeira á esquerda en dirección á Rúa de Os Gaiteiros Os Garceiras, mesmo antes de empezar a Ronda de Pontevedra en dirección a Lalín. A praca está posta na parede da discoteca A1.

Melide do Lago di Lugano é un concello (Comune di Melide) que se atopa á beira do Lago di Lugano, no cantón do Ticino (Suiza), de fala italiana, e situado ao sur da Suiza lindando con Italia, polo norte con Como, preto de Milán. Está a seis quilómetros de Lugano, sendo a capital do Tieino, Bellinzona. Melide ten en época normal uns 1.500 habitantes e pertence á rexión do Ceresnio. Ten un clima templado e unha vexetación de tipo mediterráneo. Teñen uns bos viños, varias adegas (cantines) e unha paisaxe de grande beleza. A maioría fala italiano e é un pobo eminentemente turístico. Á beira mesmo do Lago di Lugano está a



Swissminiatur (Suiza en miniatura), onde están reproducidos os elementos arquitectónicos máis representativos da Suiza. O seu patrón é San Quirio, pero tamén teñen devoción e capela, coma nós, a San Rocco (San Roque).

As relacións co noso Melide parten do ano 1981. En xaneiro do 1983 o Museo Terra de Melide organizou unha Mostra Fotográfico-documental sobor de Melide do Tieino (Suiza). No mesmo ano, o que asina, xa fixera xestións coa corporación municipal daquela para un

posible intercambio e unha rúa no noso Melide. No ano 1993, o grupo municipal Unidade dos Veciños, solicita o nome da rúa Melide di Lugano, que é aprobada, xunto co nome doutras rúas nunha actualización do nomenclador municipal, sendo alcalde Miguel Pampín Rúa. En setembro de 1993 houbo unha recepción oficial no concello de Melide á representante e amiga de Melide da Suiza, Dona Alice Moretti, onde actuamos o grupo folclórico O Castro de Toques.

Opinión

Agora que se acerca o final

David Barrio Sexto

Moi pronto se saberá cal vai a ser o trazado definitivo da autovía.

Empezan a aparecer "OS SALVADORES" da patria, esos que sin dar golpe queren levar parte da "fornada".

Este tipo de espabilados/as houbos sempre, os que o traballo de outros o queren vender eles.

Pero de eso me encargarei, de facer xustiza cos feitos e coa historia, e máis de un terá que poñerse no seu sitio. Incluso algún colorado.

Un aviso a navegantes, venda o que é seu, o que vostede traballou. Non vaia ser que a pelota que tiran se lles volva contra as súas narices.

A autovía ten que pasar por Melide .

1.- Porque e de xusticia, e ademais é o trazado lóxico e natural.

2.- Porque alguén no la vendeu, e tiñan que devolvernola.

3.- Porque unhos poucos valentes que sinten este pobo, (e non andan presumindo delo) ían a loitar a

morte, na rúa, nos despa-chos e onde fixera falta para que así fora.

Enemigos da autovía non só foi un. Houbo máis, eso si, encubertos. Porque enemigo en política é quen non sabe defender o seu pobo ou quen por intereses raros se confunden de bando. Por sorte ningún dos dous hoxe fai política en Melide. En Madrid ou en Sada, non fan dano, que teñan unha estancia feliz.


O tempo irá dicindo se foi positivo conseguir que Melide quede comunicada cunha estrada de alta velocidade.

Incluso hainos excépticos, eu diría que inocentes ou mellor dito que a súa moucha non lles da para máis e pensan que a autovía poder ser perxudicial para Melide.

Os rapaces de hoxe, homes e mulleres do mañán, terán tempo para analizar todo isto.

Agora que se fai luz no final do túnel, toca aprovisionar a adega de champán.

O Melide de onte



RÚA DO CONVENTO, MELIDE

Esquina coa Praza do Convento. Ao fondo obsérvase a casa do Concello e San Antón.

A imaxe data de principios do século XX
Arquivo Irmáns Fuciños Gómez
(Casa de Pita Melide)

ÁNGEL CURTIS

CONOCE TU FUTURO
“AYÚDATE”

MEJORA TU VIDA

CONSULTA PREVIA CITA
TELF: 677 670 051

E-mail: angel curtis@yahoo.com
www.angelcurtis.com

Teléfonos de
interese

Autobuses

Actos

URXENCIAS	
UrxenciasSanitarias.....061	
Bombeiros.....080	Consevatorio
Incencios Forestais.....085	981507100
ORDE PÚBLICA	
Policía Municipal	Polideportivo 981507752
Urxencias.....092	Centro Social da 3ª Idade 981505706
Melide.....981505003	Parada de Taxis
Policía Nacional091	981505390
Garda Civil	Albergue Xuvenil
Urxencias.....062	981507412
Melide.....981505007	Albergue do Peregrino
S.O.S	660396822
S.O.S Galicia.....112	Centro Ocupacional
Protec.Civil.....670498848	981505003
TRANSPORTES	
Renfe	A.S.E.T.E.M 981506188
Nacional.....902240202	Fundación Terra de Melide
A Coruña	981507244
Santiago	I.E.S. de Melide
Autobuses	981505162
A Coruña.....981239099	C.E.I.P nº1.....981505238
Santiago.....981542416	C.E.I.P nº2.....981505929
Melide.....981505204	Gardería.....981505003
Aeroportos	U.A.F. de Melide
A Coruña.....981187200	981 507742
Santiago.....981547500	SANTISO
Vigo.....986268200	Casa do Concello
SERVIZOS E INSTITUCIÓN	
Atención ao cidadán	981818501
981120012	Centro de Saúde
Valedor do pobo	Agrochao.....981517803
981571900	Visantoña.....981510749
Economía facenda	Xulgado de Paz
981545151	981 818501
Industria e Comercio	SOBRADO
981544341	Casa do Concello
Sevizo Galego Colocación	981787508
981125000	Desenvolvemento local
Teléfono da Muller	981787508
900400273	Centro de Saúde
Teléfono do Menor	981787744
900444222	Mosteiro de Sobrado
Dirección Xeral de Tráfico	981787509
900125505	Xulgado de Paz
Correos.....902197197	981787508
Auga.....981242322	TOQUES
Electricidade.....981147200	Casa do Concello
Gas.....900760760	981505826
MELIDE	
Casa do Concello	Centro de Saúde
981505003	981507301
Centro de Saúde	Xulgado de Paz
981506176	981505826
Servizos Sociais	
981505012	

MELIDE - A CORUÑA	MELIDE - SANTIAGO
De luns a venres:	De luns a venres:
9.30, 13.15, 17.00, 20.45,	6.45, 7.50, 10.15, 11.55,
Sábados:	14.05, 14.40 (per. lectivo),
9.30, 13.15, 17.00, 20.45	15.25, 17.50, 20.20
Domingos e Festivos:	Sábados:
9.30, 17.00, 20.15, 20.45,	7.50, 10.15, 11.55, 15.25,
22.30	17.50
Parada fronte á	Domingos e festivos:
Cafetería Marta	7.50, 11.55, 15.25, 17.50,
A CORUÑA - MELIDE	20.20
De luns a Venres:	Parada fronte á Pizzería
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	Xoldra
Sábado:	MELIDE - LUGO
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	De luns a venres:
Domingos e Festivos:	7.55, 10.10, 11.55, 13.35,
8.00, 11.30, 15.30, 17.00,	16.05, 16.55, 19.25,
19.00	20.50, 21.50 (só venres
MELIDE - FERROL	lectivos)
De luns a venres:	Sábados:
Non hai liña	7.55, 11.55, 13.35, 16.55,
Sábados:	19.25
19.15	Domingos e festivos:
Domingos e Festivos:	7.55, 11.55, 16.55, 19.25,
19.15	20.50
Parada fronte á	Parada fronte ao antigo
Cafetería Marta	bar Capitol.
FERROL - MELIDE	TOQUES - MELIDE
De luns a venres:	(Folladela-Fondevila)
Non hai liña	Luns a venres laborables:
Sábados:	Saída de Fondevila: 10.20
10.30	Saída de Melide: 12.30
Domingos e festivos:	Domingos excepto último
17.00	de mes:
MELIDE - OURENSE	Saída de Fondevila: 8.15
De luns a venres:	e 11.00
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	Saída de Melide: 13.00
Sábados:	Último domingo de mes:
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	Saída de Fondevila: 7.45
Domingos e festivos:	Saída de Melide: 13.00 e
9.30, 12.30, 17.00, 19.00,	14.00
20,00	MELIDE - TOQUES
Parada fronte á	(Fondevila-Folladela)
Cafetería Marta	Martes e venres lab-
OURENSE - MELIDE	orables:
De luns a venres:	Saída de Folladela: 8.30
8.00, 12.00, 15.30, 19.15	Saída de Melide: 12.30
Sábados:	Domingos excepto último
8.00, 12.00, 15.30, 18.00,	de mes:
19,15	Saída de Folladela: 8.40
Domingos e Festivos:	Saída de Melide 13.00
9.30, 15.30, 18.00, 19.15,	Último domingo de mes:
21.00	Saída de Folladela: 8.30
	Saída de Melide: 13.00 e
	14.00
<i>Horarios aproximados que poden variar ao longo do ano.</i>	

MARZO
Martes día 1: inscrición no curso de natacióna piscina climatizada
Do 6 ao 19: exposición sobre a lactancia materna no Edificio Multiusos.
Martes día 8: celebración do Día Internacional da Muller Traballadora. Haberá diversas actividades ao longo de todo o día en Melide.
Día 10: xornada sobre “Muller e saúde” na sala de conferencias do Edificio Multiusos.
Día 15: remata o prazo de presentación das obras do VI Certame de creación literaria “Terra de Melide”.
Día 15: remata o prazo para inscribirse no curso de prevención de riscos laborais que se impartirá na Asociación de Empresarios Terra de Melide.
Segunda quincena: excursión das persoas da terceira idade do Centro Social de Melide ata o plató de rodaxe 1.200 en Montouto, Teo.
Semana do 27: clases maxistrais de profesores da Orquestra Sinfónica de Galicia para os escolares de Melide.
Día 22: coloquio en Radio Melide sobre a celebración do Día Muncial da Auga.
Día 22: comeza nos locais de ASETEM o curso de prevención de riscos laborais.

Adolfo Álvarez, de Confecciones Álvarez

“Non estou preocupado por Inditex, senón por estar nunha vila na que cada vez se consume menos”

Confecciones Adolfo Álvarez leva máis de medio século instalado en Melide, achegándolles aos veciños da comarca unha ampla selección de artigos de confección. Ademais da familia Álvarez, dous empregados traballan na empresa familiar nos seus dous establecementos na

capital da comarca. A confianza nun comercio con décadas de historia, e a garantía dun trato personalizado e esmerado son pezas fundamentais dunha das tendas máis emblemáticas do espectro comercial da Terra de Melide.

Denís Fernández Méndez
Melide

-Cando se funda esta empresa?

-A empresa fundouna o meu pai no ano 1942. Montárona o meu pai e a miña nai e a primeira tenda estaba na rúa do Convento. Despois pasouse á ronda da Coruña e no ano 65, 66 montouse esta tenda (na rúa Xeneral Franco). Agora temos dúas, a da ronda da Coruña e esta.

-E vostede leva toda a vida dedicado ao comercio?

-Ben, o meu pai si leva toda a vida. Eu estiven estudando bacharelato e contabilidade e despois de estudar empecei a dedicarme a isto.

-Quen traballa na empresa?

-Meu pai é o dono e temos dous empregados.

-Que tal as vendas coas rebaixas de inverno?

-Ben, as rebaixas están ben, só que non se nontan tanto nunha vila pequena como nas cidades. O problema é que Melide é unha vila abandonada politicamente na que cada vez hai menos vida. Ai 15 anos parecía que ía rexurdir pero quedou aí.

Cada día somos menos e comprámonos os uns aos outros.

-A que se refire vostede co abandono político?

-O problema é que politicamente a xente non se quere comprometer e ten a vila abandonada. Melide ten moitos problemas: hai



Adolfo Álvarez rexenta un comercio con máis de medio século de historia

que mellorar as infraestruturas, hai problemas cos ambulantes, problema de aparcamentos e os políticos non se implican. Eles teñen a obriga de intentar mellorar o nivel da vila para que vaia para arriba.

-Ademais de construír aparcamentos que outras medidas pensa vostede que hai que tomar?

-Home, hai que promover o comercio en Melide, e aí hai un problema grave cos vendedores ambulantes. Eu non teño nada contra os ambulantes, porque eu tamén fun co meu pai a Arzúa ás feiras pero ten que haber uns ambulantes regulados, que paguen os impostos

correspondentes e se sitúen nun sitio delimitado, non onde lles peta. Teñen dereito a vender pero teñen que estar nun sitio regulado. O que pasa é que politicamente non se quere facer nada.

-Pero os ambulantes só están un día á semana...

-Veñen todos os domingos e os días de feira. Pero é que teñen que vir regulados; aquí non pode vir calquera e montar un tendete onde lle dá a gana. E a culpa non é deles, a culpa é de quen lles deixa. O que non pode ser é que un señor aparque a súa furgoneta enriba da beirarrúa. Aquí temos algunhas prazas como a da herba, a do Convento que se poden regular perfectamente para certas cousas, e os ambulantes estarían nun

sitio axeitado, que aquí os hai moi perto e moi ben situados. O que pasa é que politicamente non se quere facer. É máis fácil lavar as mans. Os políticos non se poden lavar as mans, nin os que están no goberno nin os que están na oposición. Teñen que intentar mellorar a vila.

-Considera que se debería tomar algunha outra medida como peonalizar?

-Por exemplo a rúa xeneral Franco estaría ben para peonalizar. En todos os sitios nos que se peonalizaron as rúas, ao principio notouse pero co tempo melloraron (os beneficios dos comerciantes). Por

exemplo, de onde ven a xente a mercar? Visantóna, Santiso, Sobrado, Friol... esas estradas hai que melloralas. Que pase a autovía por aquí está moi ben, pero tamén hai que mellorar os outros accesos. Se iso non se fai, a xente marchará as grandes áreas comerciais.

-No seu caso, terá especial preocupación por cadeas como Inditex, que antes non existían...

-En todo hai competencia, pero ímonos adaptando perfectamente aos cambios. Eu non estou preocupado por Inditex, senón por estar nunha vila na que cada vez se consume menos. Se hai algún problema agora é a roupa que vén de China.

-Tamen en Melide?

-Si, tamén en Melide. Atópaste con ambulantes que venden xerxes a un euro. Como non pagan impostos nin nada polo estilo, por moi malo que sexa o xerxei, acaban por vendelo.

-Están preocupados pola posible instalación de grandes áreas comerciais en Melide?

-A min gustárame que se montase, aínda que non vai pasar, porque un área comercial atrae xente. O problema de Melide é que non temos nada que atraia á xente. Eu cando quero ir ao cine teño que ir a Lalín ou a Santiago, porque aquí non teño a posibilidade. Se a xente ven a un área comercial, polo menos estará na vila

“O problema é que en Melide non temos nada que atraia á xente”

“Hai que promover o comercio mellorando as infraestruturas”



Cerne

Terra de Melide



ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M- C.C.A.). Nº13. 1 de marzo -1 de abril de 2006.
Distribución gratuita. Tamén en Internet: www.asetem.com

centro comercial
ares  FERRETERÍAS
Ronda da Coruña, 33 - 15800 Melide (A Coruña)
Tlfno: 981505053
centrocomercialares@comerciodegalicia.com

Un reto
hacia el
futuro.

Gracias por vuestra confianza.

Pinturas



¡Ponemos color a tus sueños con la más amplia gama de pinturas y máquina de colores para la decoración y la industria



CANTERAS DEL ARENAL CANTERAS DE RICHINOL



ARIDOS Y EXCAVACIONES



[C/ Arenal, Nº 64 . Entreplanta Izquierda - LALÍN]
[Teléfono: 986 78 71 02 Fax: 986 78 74 12]
[E-mail: arenal@canterasare.com]

